




ANOSATERRA
18-24 DE XUÑO DE 2009

CULTURA.33.

Fernández Paz, 'Escritor na súa terra'. A homenaxe impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega recae nesta XV edición na figura de Agustín Fernández Paz. O próximo 20 de xuño, na Vilalba natal do autor, faráselle entrega da Letra E, unha peza escultórica realizada por Silverio Rivas, e plantarase unha árbore simbólica (o autor escolleu un bidueiro), amais de colocarse un monolito e inaugurarse un espazo público co nome do homenaxeado (o Parque Agustín Fernández Paz). Intervirán o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, a secretaria xeral da AELG, Mercedes Queixas, e o propio homenaxeado, e a laudatio correrá a cargo de Manuel Bragado.●

anos terra

1.364